



RESOLUCIÓN PARA PROCEDER Á CONTINUACIÓN DA FASE DE CONCESIÓN DE AXUDAS AO ABEIRO DA ORDE DO 25 DE NOVEMBRO DE 2019 POLA QUE SE FIXA O IMPORTE DO CRÉDITO DISPOÑIBLE PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ANO 2020, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, A PROXECTOS COLECTIVOS, FINANCIADOS POLO FEMP, PARA A CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DA BIODIVERSIDADE E DOS ECOSISTEMAS MARIÑOS NO MARCO DE ACTIVIDADES MARISQUEIRAS SUSTENTABLES, TRAMITADA COMO ANTICIPADO DE GASTO.

Con data 14 de marzo, publicouse no «Boletín Oficial do Estado», o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en cuxa Disposición Adicional Terceira no apartado 4 prevíase inicialmente a suspensión de todos os prazos administrativos, coa soa excepción daqueles procedementos e resolucións referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, o que foi posteriormente modificado, toda vez que con data 18 de marzo de 2020 publicouse no «Boletín Oficial do Estado», o Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, cuxo artigo único, modifica o apartado 4 da Disposición Adicional Terceira e habilita á Administración para acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que sexan indispensables para a protección do interese xeral.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de abril de 2020, adoptou , entre outros o acordo de continuación de tramitación do expediente da Consellería do Mar da ORDE do 25 de novembro de 2019 pola que se fixa o importe do crédito dispoñible para a concesión de axudas para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.





A necesidade de continuación co procedemento de concesión destas axudas fundamentase en que ao ser proxectos para a conservación e restauración da biodiversidade deben ser consideradas actuacións para a protección do interese xeral.

Polo anteriormente exposto, RESOLVO en virtude do acordo do Consello da Xunta de Galicia do vinte e catro de abril de 2020, continuar a tramitación do expediente "ORDE do 25 de novembro de 2019 pola que se fixa o importe do crédito dispoñible para a concesión de axudas para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto." para proceder á fase de resolución de concesión das axudas.

Santiago de Compostela,

A conselleira do Mar

P.D. Orde 08.09.17, DOG núm. 180, do 21 de setembro

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

(Asinado dixitalmente)

